



Extracto Comisión asesora do PEPRI Outubro-decembro 2025

- **Enderezo: Praza de María Pita, nº. 1 - Pazo de María Pita**

Nivel de protección: Monumental (I). BIC Conxunto Histórico. Ficha nº. 9024301

Actuación proxectada: Restauración da vidreira artística da escaleira de honra do Pazo Municipal, incluíndo a súa estrutura metálica e instalacións de iluminación e eléctrica e medios auxiliares de elevación e de seguridade e saúde na execución.

Obxecto da consulta: Logo de avaliar polo miúdo o detalle da intervención, impoñer as condicións da actuación.

Ditame:

A documentación que contén a proposta para restaurar a vidreira artística da escaleira de honra do Pazo municipal acomódase aos ditames desta Comisión do 14/11/2017, 14/05/2018, 17/07/2018 e 29/07/2022, e ao réxime de protección dos valores do edificio monumental, polo que se informa favorablemente.

- **Enderezo: rúa Riego de Agua, nº. 13-15**

Nivel de protección: Integral (II). BIC Conxunto Histórico Galerías da Marina. Ficha nº. 8923208

Actuación proxectada: Pechar o oco do ascensor na súa parte superior para dar cumprimento ao requirimento da “Consellería de Economía, Industria e Innovación” recollido no expediente SAI AE 2023/66 no que se indica que “debe pecharse completamente o oco do ascensor”

Obxecto da consulta: Avaliar se a actuación proposta para dar cumprimento ao requirimento da Consellería de Economía, Industria e Innovación é compatible coa catalogación específica coa que contan o pasamáns e a escaleira.

Ditame:

A intervención para a que se solicita licencia resulta compatible co nivel de protección integral do edificio e coas específicas dos elementos catalogados, polo que se informa favorablemente.

- **Enderezo: rúa Varela Silvari nº 30**

Nivel de protección: Estrutural (III). Ficha nº: 8926315

Actuación proxectada: Reformar o edificio

Obxecto da consulta: Logo da adaptación do proxecto ás esixencias do ditaminado pola comisión asesora do PEPRI, solicítase avaliación sobre a viabilidade da nova cuberta proposta.



Concello da Coruña

Ditame:

O incremento de altura da cumbreira por riba da existente actualmente contravén o establecido no artigo 97 do PEPRI, polo que se informa desfavorablemente.

As obras contidas no proxecto, con excepción do dito incremento, infórmanse favorablemente.

- **Enderezo: rúa Real nº.35**

Nivel de protección: Estrutural (III). BIC Conxunto Histórico. Ficha nº. 8823010

Actuación proxectada: Instalación dun ascensor nun edificio existente no que a escaleira conta cunha catalogación específica.

Obxecto da consulta: A localización do ascensor considerase en principio compatible coa normativa urbanística e ordenanza de aplicación e solicítase ditame da comisión asesora do PEPRI respecto a proposta achegada, tendo en conta a catalogación específica da escaleira.

Ditame:

Logo de avaliar o conxunto de propostas que se achegan para documentar as obras que se proxectan, a Comisión estima que a contida na documentación do 30/04/2025 é a axeitada para protexer os elementos catalogados do edificio, a máis de non afectar a habitabilidade das vivendas, polo que se informa favorablemente, sen prexuízo das modificacións que deban considerarse á vista do resultado dos traballos arqueolóxicos previos que se realicen.

- **Enderezo: rúa Torreiro nº 13**

Nivel de protección: Sen protección

Actuación proxectada: Reforma de cubertas e terrazas para mantemento, impermeabilización e illamento térmico.

Obxecto da consulta: Avaliar a idoneidade do material de cuberta definido no proxecto, tratándose de tella cerámica curva.

Ditame:

As obras de reforma de cubertas e terrazas considéranse obras de conservación e mantemento polo que se informan favorablemente, sempre que se rematen con tella árabe, consonte o artigo 118 do PEPRI.

- **Enderezo: rúa Orzán nº 112**

Nivel de protección: Ambiental (IV). Ficha nº. 8423306 (TB/TF)

Actuación proxectada: Mantemento e reparación de fachada.



Concello da Coruña

Obxecto da consulta: Avaliar a compatibilidade da actuación parcial na fachada do edificio cara a rúa Cordelería tendo en conta as súas actuación particulares contempladas no PEPRI.

Ditame:

As obras que se proxectan para manter e conservar a fachada do edificio infórmase favorablemente, toda vez que resultan compatibles coa catalogación do edificio e os artigos 70 e 80 do PEPRI.

- **Enderezo: rúa Capitán Troncoso nº .22**

Nivel de protección: Ambiental (IV). Ficha nº. 9224102. Área de respecto BIC Conxunto Histórico

Actuación proxectada: Instalación de ascensor e rehabilitación da envolvente.

Obxecto da consulta: Solicítase ditame da comisión asesora do PEPRI sobre o proxecto proposto tendo en conta a especial catalogación de diversos elementos de fachada (ventás, ventá balcaneiras, miradores e decoracións), así como a composición integral da fachada.

Ditame:

A substitución das carpinterías exteriores de madeira por outro material infórmase desfavorablemente por vulnerar o artigo 115 do PEPRI. Todas as carpinterías exteriores, incluídas as do patio e a porta de acceso do edificio, teñen que ser de madeira.

Manteranse os materiais, as características e o sistema de apertura das ventás.

Os pavimentos do chan do portal a carón da porta de acceso e os dos paramentos verticais, S1, P1 e P2, teñen que manterse; o S2 deberá decorarse cunha baldosa hidráulica similar á existente. A proposta desta deberá achegarse co resto da documentación técnica que emende as eivas normativas anteditas.

Por todo o que a documentación achegada infórmase desfavorablemente.

- **Enderezo: rúa Pío XII nº 1**

Nivel de protección: Integral (II). Ficha nº. 8925001. Área de respecto BIC Conxunto Histórico

Actuación proxectada: Reformar un local exterior do Mercado de San Agustín para establecer un despacho de pan.

Obxecto da consulta: Solicítase o ditame da comisión asesora do PEPRI en relación a viabilidade da proposta debido ao mostrador orixinal que existe no local a reformar.

Ditame:

Todos os elementos orixinais do mercado teñen que conservarse, nomeadamente o mostrador orixinal do local a reformar, polo que deben emendarse a documentación achegada de xeito que recolla os elementos orixinais a conservar.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Florida, nº. 34**

Nivel de protección: Sen protección. Dentro do contorno do Conxunto Histórico declarado BIC

Actuación proxectada: Construción de edificio.

Obxecto da consulta: Avaliar a nova proposta achegada sobre o recuado do edificio cara as fiestras da igrexa de San Nicolás.

Ditame:

A interesada non achegou a documentación relativa a intervención arqueolóxica previa nin no concello, nin no órgano da Xunta de Galicia con competencias en protección do patrimonio.

Non se pode avaliar a documentación coa que se conta; non en tanto, pode adiantarse que a distribución das velux da cuberta ten que adecuarse a composición do resto dos ocos da fachada, garantindo a coherencia destes.

- **Enderezo: Rúa Barrera nº. 23**

Nivel de protección: Integral. (II). Ficha nº. 8724308 (elemento de fachada catalogado: Pilastras/columnas). TB (tratamento do baixo)

Actuación proxectada: Cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta: Avaliar as excepcións solicitadas (iluminación e ventilación) derivadas do réxime de protección desta fachada.

Faise constar que o inmovble se atopa en zona ZAS (zona acusticamente saturada) de categoría 1 de ocio nocturno polo nivel de saturación (Estreita de San Andrés e rúa Barrera).

Ditame:

O local ubícase en zona acusticamente saturada (ZAS) e incumpre as condicións de habitabilidade esixibles para o cambio de uso a vivenda. A excepción que solicita só sería autorizable no caso de que se documentase a existencia dunha vivenda previa. Polo que se informa desfavorablemente.

- **Enderezo: rúa Sinagoga, nº. 3 - baixo.**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 9323213.

Actuación proxectada: Rehabilitar a vivenda.

Obxecto da consulta: Sobre a proposta da carpintería da fachada.

Ditame:

A proposta sobre a que se solicita a avaliación relativa á carpintería da fachada que se proxecta infórmase favorablemente, toda vez que se acomoda ao establecido no artigo 115 do PEPRI.



Concello da Coruña

- **Enderezo: Praza Ourense nº. 14**

Nivel de protección: II Integral. Ficha catálogo nº 8317401

Actuación proxectada: Acondicionamento e decoración do Quiosco municipal.

Obxecto da consulta: Condicións pola consideración da catalogación integral.

Ditame:

O acondicionamento interior do quiosco municipal infórmase favorablemente, sempre que se cumpra a condición de non alterar a estética exterior do edificio: a cor e o aspecto exterior ten que permanecer no estado actual.

- **Enderezo: Cantón Pequeno nº. 18 – R/Duran Loriga nº. 9**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8420022

Actuación proxectada: Obras interiores de conservación e mantemento en edificio de Oficina y Sucursal Bancaria.

Obxecto da consulta: Condicións das obras pola súa consideración integrar. Avaliar a necesidade de inspección do edificio.

Ditame:

As obras interiores de conservación e mantemento do edificio infórmase favorablemente, sempre que se manteña os elementos que caracterizan a cualificación deste edificio, con nivel de protección integral.

Antes de tramitar a autorización que se solicita, os técnicos municipais realizarán unha visita de inspección previa para o que sinalará día e hora.

- **Enderezo: Rúa Florida, nº. 33**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8924003.

Actuación proxectada: Rehabilitar o inmovible e instalar ascensor que conta con licenza.

Obxecto da consulta: Se sería autorizable modificar o proxecto dispoñendo o ascensor no patio por entender que mellora a accesibilidade.

Ditame:

A modificación da licenza que se solicita infórmase desfavorablemente, toda vez que empeora as condicións de habitabilidade das vivendas e elimina as escaleiras actuais para desprazalas cara o interior da parcela, como se pode comprobar nos planos.

A Comisión estima que debe realizarse unha visita de inspección arqueolóxica e urbanística deste edificio, para o que se sinalará data e hora.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Huertas, nº. 2 - baixo D**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8321605.

Actuación proxectada: Acondicionamento do local

Obxecto da consulta: Se a modificación da fachada que se proxecta é compatible coa protección integral deste edificio, xa que pretende desmontar as carpintarías (persiana actual), abrir ocos nesta fachada, dispor reixa de climatización, e desmontar o aplacado da fachada e os rótulos.

Ditame:

Para poder avaliar as obras de acondicionamento do local que se proxecta deberá achegarse un proxecto arquitectónico que recolla a sección construtiva da fachada, coa carpintería e os detalles desta.

A fachada ten que recuperar a súa configuración consonte o proxecto orixinal, sinalando polo miúdo os elementos orixinais que se conservarán e os elementos impropios engadidos que se eliminarán. A ubicación da reixa determinarase co resto dos elementos.

- **Enderezo: rúa Santiago, nº. 23**

Nivel de protección: III Estrutural. nº. 9223012.

Actuación proxectada: mantemento de las ventás de PVC

Obxecto da consulta: Viabilidade do mantemento das fiestras de aluminio.

Ditame:

Os elementos desconformes teñen que eliminarse, consonte o previsto no artigo 71 do PEPRI; isto é, todas as carpinterías que non sexan de madeira.

As fiestras do edificio, que conta con protección de nivel estrutural, terán que ser todas de madeira, conforme ao artigo 115 do PEPRI.

- **Enderezo: Praza constitución, nº. 2 - Capitanía Xeral - Pazo de Capitanía Xeral.**

Nivel de protección: I. Monumental. Ficha nº. 9322001

Actuación proxectada: Substituír a carpintaría exterior edificio.

Obxecto da consulta: Procedencia da substitución das fiestras. Condicións.

Ditame:

O edificio conta con protección de nivel monumental, non se permite a substitución das carpintarías. Agás elementos puntuais en mal estado que, previa acreditación deste, poden substituírse por próteses. Infórmase favorablemente a reparación das carpintarías que terán que conservar e garantir as mesmas condicións das existentes.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa Pío XII, nº. 1 - Mercado de San Agustín.**

Nivel de protección: I Integral. Ficha nº. 8925001

Actuación proxectada: Obras de conservación e mantemento.

Obxecto da consulta: Avaliación da intervención.

Ditame:

A reparación das eivas do mercado infórmase favorablemente.

- **Enderezo: rúa Panaderas, nº. 13-15**

Nivel de protección: IV Ambiental. Nº ficha: 8825023. Protexidas as decoracións. TF (nº 15)

Actuación proxectada: Conservación de fachadas edificio, reparación y pintado.

Obxecto da consulta: Solicitase ditame da Comisión asesora do PEPRI respecto a TF, decoracións en fachada e pintura existente nas persianas.

Ditame:

Para avaliar a compatibilidade coa normativa das obras que se proxecta deberá achegarse a documentación técnica que clarexe as patoloxías da galería, se fora o caso, e presentar polo miúdo os elementos da fachada.

Igualmente terá que documentar a cor orixinal da fachada, debendo ter en conta en todo caso que esta é de ladrillo, o que non pode ser desvirtuado.

- **Enderezo: rúa Panaderas, nº. 18**

Nivel de protección: IV Ambiental. Nº ficha: 8926123. TA-TF. Portal protexido. Baldosa hidráulica.

Actuación proxectada: Instalación ascensor.

Obxecto da consulta: Solicitase ditame da Comisión asesora do PEPRI respecto a instalación de ascensor tendo en conta que o portal e a baldosa hidráulica están protexidas.

Ditame:

A proposta que se achega para instalar o ascensor resulta incompatible co mantemento dos elementos protexidos do portal, a baldosa hidráulica, segundo os artigos 70 e 80 do PEPRI.

A rampla que se propón tampouco cumpre a normativa, polo que se informa desfavorablemente.

- **Enderezo: Rúa Real, nº. 65**

Nivel de protección: : IV Ambiental. Nº ficha: 8622409.



Concello da Coruña

Actuación proxectada:.

Obxecto da consulta: Solicitase ditame da Comisión asesora do PEPRI respecto a recuperar a terraza, actualmente cuberta,

Ditame:

O ditame que se solicita refírese á posibilidade de recuperar unha terraza que actualmente está cuberta. Non en tanto, non se xustifica nin aparece documentado a preexistencia dunha terraza previa, polo que a creación desta non se acomoda á normativa e non resulta autorizable. Infórmase desfavorablemente.

- **Enderezo: rúa Cantón Pequeno, nº. 23-24-25**

Nivel de protección: IV. Ambiental.

Nº 23: Ficha núm.: 8420011. Recente rehabilitación para 3 vivendas e rehabilitación baixo e 1º con Unión funcional co nº 25

Nº 24: Ficha núm.: 8420012- TB. Require inspección previa

Nº 25: Ficha núm.: 8420013- TF, TB

Actuación proxectada: Reestruturación xeral e cambio do uso.

Obxecto da consulta: Alegacións ao Ditame do 29.07.2025

Ditame:

Infórmase desfavorabelmente o proxecto presentado.

A Comisión reitera a obriga de manter a escaleira de especial interese e o patio.

En todo caso, faise constar que a unión funcional que se proxecta ten que recoller a escaleira protexida do edificio nº 24 e colocar o ascensor no edificio nº 25.

- **Enderezo: rúa Rego de Auga, 60**

Actuación proxectada: rehabilitación de edificio existente.

Obxecto da consulta: avaliar a situación actual do edificio, se permite manter o volume existente e se se permite intervir na fachada

Ditame:

Calquera reforma do edificio que se proxecte ten que acreditar o cumprimento da normativa de habitabilidade vixente. Admítese manter o volume actual do edificio así como a intervención na fachada.

Malia o dito, terá que achegar o estudo previo arqueolóxico que permita coñecer como manter os restos e achados arqueolóxicos xa documentados e a nova incidencia nestes que pode ter a implantación do ascensor.



Concello da Coruña

- **Enderezo: rúa San Andrés, 13**

Actuación proxectada: construción de edificio

Obxecto da consulta: obriga de reproducir o edificio anterior e posibilidade de reutilizar a cantería que permanece no solar procedente do edificio anterior para compoñer a fachada e tratamento do espazo de cesión para viario público

Ditame:

A construción do edificio deberá axustarse e xustificar o cumprimento da normativa do Plan Especial PEPRI. A fachada terá que executarse baixo a condición de harmonizar cos edificios lindeiros e catalogados. Recoméndase que as carpintarías se realicen cun despece sinxelo evitando que semelle un falso histórico.

De conservarse restos da fachada orixinal, deberá reutilizar a cantería que permanece no solar para compoñer na fachada elementos como os recercados de portas e ventás.

En todo caso deberá achegar o proxecto relativo á intervención arqueolóxica, toda vez que pode determinar a solución do proxecto

O espazo de cesión obrigatoria ten que harmonizar co espazo lindeiro, igualando pavimentos, etc..

Non se entra a avaliar por parte da Comisión a distribución interior que se proxecta no edificio.

- **Enderezo: Rúa Franxa nº. 25**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8924617.

Actuación proxectada: Substitución da cuberta.

Obxecto da consulta: Sobre a avaliación da nova documentación e a alegación segundo a que non se vai intervenir en todo o edificio nin na planta baixa.

Ditame:

Logo de comprobar a reportaxe fotográfica que acredita a situación do edificio, informase favorablemente a proposta desta intervención sempre que se achegue o plano que recolla nomeadamente o encontro entre a fachada e a cornixa do edificio, que en todo caso ten que axustarse as determinacións do Plan Especial.

Non se autoriza ningunha solución que supoña modificar a situación existente di dito encontro do edificio.

- **Enderezo: rúa San Andrés nº 1-3, 1º**

Nivel de protección: Edificio sen catalogación.

Actuación proxectada: Cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta: Solicitase ditame da Comisión Asesora do PEPRI respecto ao cambio de uso.



Concello da Coruña

Ditame:

O cambio de uso do local de terciario a residencial acomódase co previsto no artigo 146.bis.4 polo que se informa favorable.

Non en tanto, para obter a autorización urbanística, a Oficina Técnica municipal, deberá comprobar que o proxecto de obras cumpre coa normativa reguladora das condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia.

- **Enderezo: Rúa San Roque nº 2**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8927219. TF

Actuación proxectada: Reforma da vivenda da derradeira planta e substitución das ventás afectadas pola previsión do TF da ficha do catálogo

Obxecto da consulta: Se procede permitir unicamente obras de conservación e mantemento toda vez que presenta dúas alternativas, unha delas conservando o elemento de formigón que divide as carpintarías, e noutra na modifica, distorsionando o conxunto porque permanece nas plantas de abaixo.

Ditame:

Sendo o obxecto da solicitude a reforma interior da vivenda existente, no exterior, toda vez que existen elementos desconformes so se autoriza o mantemento e conservación do existente.

Malia o dito, cómpre lembrar que a intervención xeneralizada na fachada deste edificio conlevaría a obriga de eliminar os elementos desconformes co planeamento, en aplicación do artigo 71 e concordantes do PEPRI.

- **Enderezo: Rúa Socorro nº 35.**

Nivel de protección: Edificio sen catalogación. Zona Zas.

Actuación proxectada: Proxecto de cambio de uso do inmovible residencial para unha actividade de vivendas de usos turístico

Obxecto da consulta: Respecto da implantación dun uso alternativo que substitúa ao uso característico dun edificio (art. 127)

Ditame:

O cambio de uso do edificio ao uso alternativo de carácter hoteleiro, en edificio exclusivo, está permitido polo artigo 145.4c) do PEPRI.



Concello da Coruña

No caso de disporse o réxime de vivendas de uso turístico deberase acreditar o cumprimento da normativa que regula as condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia, a normativa sectorial e a ordenanza municipal que as regula.

- **Enderezo: rúa San Andrés nº. 104 e rúa Vista nº 2.**

Nivel de protección: III estrutural. Ficha nº.8422002. TB

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio

Obxecto da consulta: Sobre a admisibilidade do derribo dos tabiques interiores para redistribuír as vivendas, revisión das vigas en mal estado, e posibilidade de manter o baixo en funcionamento na situación actual, polo seu propietario.

Ditame:

O artigo 58 do PEPRI regula as condicións de rehabilitación dos edificios, que resulta autorizable sempre que non afecte ao réxime de protección estrutural consonte a ficha que lle corresponde a este edificio, que impide que sexa afectado o seu sistema estrutural.

Para que esta Comisión se pronuncie sobre o proxectado deberá achegarse o documento técnico que recolla, nomeadamente, os tabiques estruturais ou con función portante que pretenden afectar.

O mantemento da planta baixa na situación actual infórmase favorablemente.

- **Enderezo: rúa San Andrés nº. 66, baixo catalogado.**

Nivel de protección: III estrutural. Ficha nº 8423409: (Escaparates, portas e rótulo protexidos.)

Actuación proxectada: Acondicionar o local para implantar a actividade de panadería con degustación, (Hostalaría).

Obxecto da consulta: Avaliar a reixas que se proxectan sobre porta de acceso ao local e outra no muro lateral.

Ditame:

O local do edificio que conta con protección estrutural atópase protexido na súa configuración exterior, que ten que conservarse e respectarse.

As reixas deberán minimizarse pra a súa integración na fachada con pezas de madeira da mesma cor ca do resto das carpintarías da fachada, con esta condición infórmase favorablemente.

- **Enderezo: rúa Real nº. 37.**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº: 8823009. AC, TF, TB

Actuación proxectada: Renovar a cuberta e a fachada da última planta do edificio, illar o patio interior e rehabilitar as galerías



Concello da Coruña

Obxecto da consulta: Obriga de eliminar o elemento impropio ao intervir na cuberta e na fachada da derradeira planta.

Ditame:

A intervención proposta na derradeira planta infórmase desfavorablemente, toda vez que se acredita que a parte desconforme co plan especial, atópase nunha situación que conleva a súa substitución, polo que debe eliminarse e non poden tomarse medidas de mantemento e conservación.

- **Enderezo: Rúa Varela Silvari nº. 15.**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº 8925310. TF

Actuación proxectada: Pintar e limpar o edificio.

Obxecto da consulta: Obriga de intervir en elementos impropios.

Ditame:

A intervención relativa ao pintado e limpeza do edificio infórmase favorablemente, toda vez que se trata dunha obriga da propiedade, e non afecta aos elementos de interese da catalogación do conxunto.

- **Enderezo: Rúa Estreita de San Andrés nº 20 - 4º.**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº 8725501. AC, TF

Actuación proxectada: Reforma de Vivenda

Obxecto da consulta: Obrigas de intervención se as obras afectan ao exterior.

Ditame:

As obras para as que se solicita autorización teñen por obxecto reformar e cambiar o uso de espazos para a nova proposta da vivenda, cunha redistribución integral dos espazos, que contan cunha escasa altura, polo que deben cumprirse as condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia, noutro caso, as obras non poden seren autorizadas.

- **Enderezo: Praza María Pita nº. 3**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 9124404.

Actuación proxectada: Reparar as eivas do edificio

Obxecto da consulta: Sobre as condicións a impoñer na parte que afecta aos soportais.



Concello da Coruña

Ditame:

As obras autorizables neste edificio deben limitarse a reparar as eivas dos elementos protexidos e deixalos en bo estado, segundo as súas características e condicións orixinais deste edificio que conta con protección de nivel integral.

- **Enderezo: rúa Damas nº. 17.**

Nivel de protección: Edificio sen catalogación.

Actuación proxectada: Illar a fachada do edificio co sistema SITE

Obxecto da consulta: Viabilidade colocación do sistema Site nas fachada.

Ditame:

Para avaliar se a proposta de intervención de illamento que se achega resulta conforme coas determinacións do PEPRI, deberá achegarse o plano de sección construtiva que recolla os encontros da cuberta cos ocos das ventás e das molduras, así coma a definición da cor.

O proxecto debe xustificar e recoller as determinacións da ordenanza municipal que regula estas intervencións de illamento exterior dos edificios.

- **Enderezo: rúa Santa Catalina nº. 25-33.**

Nivel de protección: V Interese ambiental de conxunto. Ficha nº. 8421113

Actuación proxectada: Reformar o local.

Obxecto da consulta: Condicións estéticas da intervención no exterior e para a cartelería e rótulos.

Ditame:

A intervención no baixo do edificio que se proxecta infórmase desfavorablemente, toda vez que non se autorizan as fachadas de lamas, as persianas de seguridade teñen que ir polo interior da porta de acceso, e non se permite o recuado que recolle o documento técnico, en aplicación do artigos 70, e 105 e seguintes do PEPRI.

A cartelería e os rótulos teñen que integrarse nos ocos da fachada e cumprir as condicións que establece o artigo 24 do PEPRI.

- **Enderezo: rúa Pío XII nº9 - 2º e 3º esquerda**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº: 8825045. TF, TB.

Actuación proxectada: Reformar as vivendas 2º e 3º e dispor un dúplex.

Obxecto da consulta: Viabilidade desta unión funcional.



Concello da Coruña

Ditame:

O proxecto que se presenta para reformar as vivendas ca composición de dúplex, infórmase favorablemente, toda vez que se conforma coas condicións de protección e interese do edificio consonte os artigos 70 e 81 do PEPRI.

- **Enderezo: rúa Porta de Aires, nº. 13.**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº: 9324206. TF, TB.

Actuación proxectada: Conservar as fachadas.

Obxecto da consulta: Obrigas relativas ao tratamento da fachada.

Ditame:

A intervención na fachadas que se proxecta infórmase desfavorablemente, por non permitirse o uso de pintura acrílica, nin deixar a mampostería vista.

O cromatismo das fachadas teñen que cumprir o previsto nos artigos 105, 106 e seguintes do PEPRI, evitando cromatismos bicolor que alteran a percepción do edificio catalogado.

Principalmente, os alzados que recolla o documento técnico que se achegue, teñen que recoller a realidade do edificio.

- **Enderezo: rúa Florida nº. 33**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8924003.

Actuación proxectada: Rehabilitar o inmovible e instalar ascensor que conta con licenza.

Obxecto da consulta: Dar conta a Comisión do resultado da inspección e avaliar a nova proposta na que mantén as escaleiras, e sen ocupar a totalidade do patio.

Ditame:

Logo de realizar a inspección solicitada por esta Comisión asesora, ten que requirirse que se solicite e tramite a intervención arqueolóxica coa nova ubicación do ascensor.

O proxecto pode ter que seren revisado consonte o resultado da intervención arqueolóxica.

Non en tanto, pódese adiantar que a nova posición do ascensor que se proxecta avalíase como viable en tanto non afecta negativamente aos valores protexidos deste edificio.

- **Enderezo: rúa Tabernas, nº. 8**

Nivel de protección: IV Ambiental. Nº ficha: 9222007. TF

Actuación proxectada: Obras exteriores para manter a fachada.



Concello da Coruña

Obxecto da consulta: Obriga de repoñer as galerías de madeira.

Ditame:

Logo de comprobar o mal estado da galería na Dársena, que se acredita, cómpre revisala e substituír as carpintarías segundo o modelo orixinal con madeira e apertura de guillotina segundo o previsto nos artigos 70, 71 e 115 do PEPRI.

- **Enderezo: rúa Cantón Pequeno nº. 6**

Nivel de protección: Edificio sen catalogación, na traza do Camiño de Santiago Inglés

Actuación proxectada: Rehabilitar a envolvente do edificio cun sistema SITE e intervir no muro cortina sobre o que proxecta illamento e nova chapas, e baixar a cota 0 o acceso ao ascensor.

Obxecto da consulta: Compabilidade da intervención que se proxecta coa normativa.

Ditame:

A intervención que se proxecta para illar a envolvente, que conta cun muro cortina na fachada ao Cantón Pequeno e bandas verticais simulando o mesmo muro cortina na rúa San Blas, debe conservar integramente a imaxe do edificio mantendo as partes cegas e ocas, os despieces e sistemas de carpinterías e os mesmos materiais nos acabados. Cumprindo estas condicións infórmase favorablemente.

- **Enderezo: rúa Real, nº 75 - Avenida Mariña nº 33.**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Nº ficha: 8622406. AC, TA,TF,TB.

Actuación proxectada: Obras de mantemento das fachadas.

Obxecto da consulta: Condicións de intervención na edificación.

Ditame:

As obras que se proxectan de conservación e mantemento infórmanse favorablemente, debendo manter integramente os elementos da fachada deste edificio.

- **Enderezo: rúa Alcalde Manuel Casas, nº 1.**

Nivel de protección: II Integral. nº ficha: 8722301.

Actuación proxectada: Reforma da fachada, cuberta e espazos interiores.

Obxecto da consulta: Avaliar a documentación que se achega.



Concello da Coruña

Ditame:

Pola importancia deste edificio dotacional que conta con protección integral, cómpre estudar a proposta e as condicións de intervención máis polo miúdo, polo que logo de realizalo procederase a elaborar o ditame que proceda.

- **Enderezo: rúa Tabernas, nº 5 - rúa Parrote, nº. 2.**

Nivel de protección: III estrutural. nº ficha: 9222103.

Actuación proxectada: Subsanación de patoloxías na edificación.

Obxecto da consulta: Condicións da substitución de barandilla de fundición, e suficiencia da documentación que se achega.

Ditame:

Para emitir un ditame, a Comisión asesora precisa coñecer o detalle e as características da varanda de fundición e a documentación que defina a intervención nas fendas polo miúdo.

Polo que deberá requirirse a dita documentación, e realizar unha inspección ocular polo arqueólogo municipal xunto coa Oficina Técnica do estado actual do soto do edificio para o que se sinalará data e hora.

- **Obras contidas no proxecto: "ILUMINACIÓN EFICIENTE EN LA PLAZA DE PONTEVEDRA"**

Obxecto da consulta: Movemento de terras con proposta do arqueólogo municipal para a modificación puntual da cautela de Sondaxes valorativas por control arqueolóxico.

Avaliar a necesidade de tramitar ante Patrimonio unha autorización de obras.

Ditame:

Sen prexuízo de que se tramite a modificación puntual da cautela das sondaxes consonte o informe do arqueólogo municipal, a Comisión considera que debe remitirse o proxecto de iluminación da praza.

- **Obras contidas no proxecto: AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL PLAZA PONTEVEDRA.**

Obxecto da Consulta: Avaliar a proposta do arqueólogo da improcedencia de realizar ningún tipo de traballo arqueolóxico.

Ditame:

Sen prexuízo de que se considere o contido do informe do arqueólogo municipal, a Comisión considera que debe remitirse o proxecto de ampliación do parque infantil da praza.



Concello da Coruña

Cómpre lembrar que a intervención no pavimento terá que limitarse ao regulado polo PEPRI, en tanto que calquera modificación non regulada nesta precisa da previa e preceptiva autorización do órgano autonómico competente en materia de protección do Patrimonio cultural de Galicia.

- **Enderezo: rúa Florida, nº 37.**

Nivel de protección: IV ambiental. nº ficha: 8924001

Actuación proxectada: Pintar a fachada coa mesma cor existente e reparar as fendas con mantemento dos cristais que cubran as varandas

Obxecto da consulta: Condicións de intervención na fachada.

Ditame:

Infórmanse favorablemente as obras de conservación e mantemento do edificio.

Deberán retirarse os elementos desconformes co plan que tapan as balaustras e elementos exteriores da fachada.

- **Enderezo: rúa Varela Silvari e rúa Mercado, nº. 20**

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Reforma integral do local para implantar unha clínica dental.

Obxecto da Consulta: Alegacións sobre o mantemento das carpintarías de aluminio.

Ditame:

Admitir o mantemento das carpinterías metálicas consonte o previsto no artigo 115 do PEPRI, que as permite cando se trata dunha característica do propio edificio.